

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 22 de xullo de 2019 polo que se fai pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e o proxecto de construción Fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-225, treito Alba-San Caetano, puntos quilométricos (pp.qq.) 0+000-1+080, de clave PO/16/264.06.

Con data do 18 de xullo de 2019, a Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017; *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), visto o informe da análise das alegacións, resolveu o seguinte:

«Antecedentes de feito:

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 214, do 9 de novembro de 2018, publicouse o Anuncio do 30 de outubro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-225. Treito Alba-San Caetano, puntos quilométricos (pp.qq.) 0+000-1+080, de clave PO/16/264.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública as persoas interesadas formularon alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someteu a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.



Terceiro. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia está delegada na persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG núm. 179, do 20 de setembro).

De acordo con todo o exposto, e tras os informes, certificados e alegacións presentados,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto construción fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-225, treito Alba-San Cae-tano, puntos quilométricos (pp.qq.) 0+000-1+080, de clave PO/16/264.06, coas seguintes consideracións:

- Para mellorar a seguridade viaria, incrementándose a visibilidade, modifícase o punto de cruzamento da senda desde o p.q. 0+910 ao punto 0+820, o que comporta o recuamen-to do muro existente nunha lonxitude aproximada de 20 m e a desafectación das parcelas da marxe oposta.

- De acordo co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, modifícase lixeira-mente a rasante da senda proxectada desde o 0+380 ata 0+620, e acondiciónase o adro da igrexa.

Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Pontevedra deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no cal se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determi-ne este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co esta-



blecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2019

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: pc14bue8-vih1-zgi1-ym97-x27fkyopx64

